



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL
Secretaría Xeral de Universidades



Destinatario: _____

Asunto: Resolución solicitude de información.

Ref. Interna: _____

O 21 de outubro de 2019 tivo entrada na Secretaría Xeral de Universidades da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional a solicitude de acceso á información pública ao abeiro da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e do artigo 26 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, presentada por _____ co número _____.

No dito escrito o interesado solicitaba acceso a información pública sobre a modalidade A das axudas posdoutorais da Xunta de Galicia, en concreto sobre a cantidade de axudas concedidas na modalidade A (ano 2019) a solicitantes que nin realizaron o grao, licenciatura ou equivalente no SUG e que tampouco realizaron o doutoramento no SUG.

De acordo coa letra c) do número 1 do artigo 18 da citada Lei 19/2013, con data 21 de novembro, ditouse resolución inadmitindo o acceso á información pública solicitada xa que para poder facilitala é preciso unha acción previa de reelaboración.

O interesado _____, presentou unha reclamación ante a Comisión da Transparencia de Galicia, adscrita á institución do Valedor do Pobo, de acordo co disposto no artigo 28 e 33 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno. E con data do 6 de marzo de 2020, a Comisión de transparencia ditou resolución pola que estimaba o recurso presentado por _____ e instaba a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional a dar a información solicitada e a remitirlle copia a Comisión de Transparencia de Galicia.

En consecuencia infórmase que o número das axudas concedidas na modalidade A, da Orde do 28 de maio de 2019, pola que se establecen as bases para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas de apoio á etapa de formación posdoutoral nas universidades do SUG, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema de I+D+i galego, e se procede á súa convocatoria para o ano 2019, a solicitantes que nin realizaron o grao, licenciatura ou equivalente no SUG e que tampouco realizaron o doutoramento no SUG, **foi de catro**.

Santiago de Compostela,

O secretario xeral de Universidades

José Alberto Díez de Castro

